

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

7974 *Corrección de erros do Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan.*

Advertidos erros no Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 154, do 25 de xuño de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 16, no número 3.2 do anexo I, deberanse incluír, a continuación da letra a), as seguintes letras: «b) Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 5 do anexo II.» e «c) Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 5 do anexo II.».

Na páxina 17, no número 4.2 do anexo I, deberán incluírse, a continuación da letra a), as seguintes letras: «b) Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 6 do anexo II.» e «c) Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 6 do anexo II.».

Na mesma páxina, no número 5.2 do anexo, deberanse incluír, a continuación da letra a), as seguintes letras: «b) Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 7 do anexo II.» e «c) Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 7 do anexo II.».

Na mesma páxina, no número 6.2 do anexo, deberá engadirse a letra correspondente a esta letra «a)» diante do parágrafo: «Acreditación de ter superado un curso de formación cos contidos do programa formativo 8 do anexo II.», e incluírse a continuación unha letra: «b) Estar en posesión de calquera título de formación profesional ou certificado de profesionalidade que cubra as competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 8 do anexo II.», e, finalmente, unha letra: «c) Estar en posesión de calquera título universitario que acredite a adquisición das competencias e coñecementos mínimos establecidos no programa formativo 8 do anexo II.».